



D.^a VIRGINIA FRAGA DIAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a Alcaldía, con data de 11 de febreiro de 2020, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: Adxudicación de nicho no cemiterio a Roberto O. Celi Alzamora

EXPEDIENTE: 2020/G003/000142

Considerando que, mediante Decreto da alcaldía de 13 de setembro de 2012 (res 645/12), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos nichos e panteóns do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da alcaldía de 05/03/2012, quedaron libres os nichos que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da alcaldía de 15 de marzo de 2012 (res 163/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VII do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do concello de Teo.

Considerando que, con data de 23 de xaneiro de 2020 (rex. entrada nº 497), presentouse a solicitude dun nicho no cemiterio municipal por D. Roberto Octavio Celi Alzamora.

Considerando que ao atoparse correcta a solicitude presentada, xunto coa documentación que a acompaña, procedeuse a realizar, con data de 30 de xaneiro de 2020, proposta de adxudicación a favor do interesado, de conformidade co previsto na



cláusula 20 do prego de condicións, requeríndoselle para que procedera ao aboamento das tarifas correspondentes.

Considerando que a citada proposta foi notificada ao interesado con data de 30 de xaneiro de 2020 (registro de saída nº 202), publicándose no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello o 30 e 31 de xaneiro de 2020, respectivamente.

Considerando que, dentro de prazo habilitado ao efecto, procedeuse ao ingreso da tarifa correspondente polo interesado, tal e como se acreditou mediante o xustificante de aboamento presentado no concello con data de 10 de febreiro de 2020 (rex. entrada nº 895).

Vista a proposta de asignación concreta de nichos, de 11 de febreiro de 2020, na que se propón que lle sexa asignado ao interesado o nicho 22A do bloque 2.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Adxudicar a concesión do uso privativo do nicho 22 A do bloque 2 do cemiterio municipal do Concello de Teo, a D. Roberto Octavio Celi Alzamora, polo prazo de 75 anos, con arranxo ao prego de condicións aprobado mediante Decreto da alcaldía de 15 de marzo de 2012, ao Regulamento do cemiterio municipal e demais normativa aplicable.

Segundo.- Requirit ao adxudicatario para que, dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación do presente, acredite a constitución da garantía definitiva equivalente ao 3% do valor de dominio público obxecto de ocupación, que poderá constituirse en calquera das formas previstas no artigo 108 da LCSP. A estes efectos faise constar que, segundo a documentación que obra no expediente, o importe da garantía definitiva, por cada nicho adxudicado, ascende a 35,80 € (3% 1.193,21).

Dita acreditación deberá efectuarse mediante a presentación, no registro xeral do concello, do documento acreditativo de constitución da garantía definitiva.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Terceiro.- Notificar o presente ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes, advertíndolle ao adxudicatario que o incumprimento do requisito previsto na parágrafo anterior, por causas que lle sexan imputables, impedirá a formalización da concesión ao seu favor.

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, en Teo, na data que figura na marxe.

Vº e Praxe
O alcalde,

Rafael Carlos Sisto Edreira

A secretaria xeral,

Virginia Fraga Diaz